



IES DE VILALONGA



**COMO
ARTELLAMOS
UNHA MELLOR
CONVIVENCIA?**




IES DE VILALONGA
PROGRAMA T.E.I


TEI (titorización entre iguales)



Titorización persoal (TIPE)




Mediación profe- alumnado.






**O primeiro:
dar coa chispa**

A close-up photograph of a lit matchstick on the left side of the frame, with a bright yellow and orange flame. To its right, a row of eight unlit matchsticks is arranged horizontally. The matchsticks have dark purple heads and light-colored wooden stems. The background is a solid, dark blue color.


**O segundo:
saber que hai moitos mixtos
dispostos a prenderse**



**O terceiro:
buscar
ocasiões
para
concitar
sensibilidades**




**O cuarto:
comenzar
a formarse**



**O quinto
formar un grupo de traballo que vaia
adaptando o proxecto ás características
do centro e que o vaia levando a cabo.**

The background of the slide is a complex, black and white illustration of numerous interlocking gears of various sizes and orientations. The gears are rendered in a high-contrast, almost etched style, creating a dense, mechanical pattern that fills the entire frame. The text is overlaid on this background in a bright yellow color.

**O sexto
incorporar o grupo de trabalho
na dinâmica de centro.**



O sétimo:

**Saber que as cousas non se fan soas
e sempre hai que tirar delas.**

Pero non sobrecargarse.

Octavo:
**Revisar o que se fai e incorporar
os cambios oportunos.**



Programa TEI



Programa para prevención de acoso escolar.

Cada alumno ou alumna de 1º de ESO que chega ao centro é titorizado durante todo o curso por un rapaz ou rapaza de 3º.

Conta con:

- **Actividades de cohesión titor-titorando/a,**
- **Actividades de educación emocional e para a mellora das relacións que se levan a cabo nas titorías.**
- **Un procedemento de resolución de conflitos apoio e denuncia ante o acoso.**



Pero...

- Pode victimizar ao alumnado maltratado.**
- Non conta con medidas para recuperar ao maltratador/a.**
- Precisa incidir na idea de crear unha rede de axuda e tolerancia cero ante o maltrato.**

E por iso:


- Ampliamos as actividades de educación emocional a 2º ESO.**
- Melloramos o procedemento de resolución de conflitos, para que a vítima sexa protagonista da súa liberación.**
- E creamos o programa TIPE**






● O TIPE (Titorización persoal).

- Pretende recuperar para a convivencia ao alumnado que presenta un comportamento problemático.
- Na xunta da primeira avaliación escóllese o alumnado que vai entrar neste programa.
- A cada alumno/a asígnaselle un docente que “mirará por el ou por ela” baseándose na confianza e empatía.






- Mediante unha entrevista breve o profesor pediralle ao alumno/a un cambio de conduta, a cambio o docente mediará ante a xefatura de estudos e ante os outros docentes no seu favor.
- O alumno/a terá que demostrar mediante unhas fichas semanais o seu cambio de actitude.






Os cambios de actitude premiaranse con valoracións constantes, momentos de protagonismo ante os compañeiros, felicitacións por parte do profesorado, xefatura de estudos, ou carta de felicitación ás familias.

E tamén procurando desactivar os roles que estes alumnos asumen na clase.



Pero hai unha serie de conflitos entre o alumnado nos que non existe diferenza de poder, nin abuso reiterado. Son conflitos diarios, algúns deles enquistados e que poden envolver a todo un grupo.

Son unha oportunidade ideal para educar na resolución de conflitos e desenvolver a intelixencia emocional



Para axudar a solucionar ao alumnado este tipo de problemas, un grupo de profesoras formámonos como mediadoras. O sistema baséase en que os rapaces e as rapazas teñen alí unha oportunidade para resolver os seus conflitos, expresándose, ventilando as súas emocións, aclarando as súas posturas, entendendo ao outro/a e buscando solucións pactadas.



A profesora mediadora non xulga, non indaga, non aconsella, non conduce, só parafrasea e reformula. A intención é que liberen todo o dano acumulado e poñan eles sós un compromiso.


Por iso o proceso de mediación consta de...

-Fase de aceptación da mediación

-Fase de compromisos concretos

-Fases de revisión e se cabe reformulación de compromisos

-Peche de mediación



Dificultades:

- Non asumimos que a convivencia é unha parte fundamental do noso traballo. É algo previo ao aspecto académico.
- As dinámicas do curso, as avaliacións, as probas, os paróns necesarios, o cansanzo..., fan pasar a segundo plano este tipo de procesos.
- Nalgúns centros é difícil a comunicación directa e inmediata entre o profesorado.
- Hai un prototipo de alumnado que non responde aos intentos de integración nunha dinámica de convivencia positiva: nenos emperadores, nenas emperatrices.

... PERO COMPENSA

